



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESIÓN REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS

D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D^a MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as nove horas do día vinte e un de novembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D.^a Laura Piñeiro Montes e D. David Rodríguez Sanmartín.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e seis de outubro de dous mil dezasete.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO DOS MESES DE DECEMBRO DE 2017 E 2018 E SUPRESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA MUNICIPAL DE ASUNTOS DO PLENO. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde – Presidente da proposta de modificación dos plenos ordinarios correspondentes aos meses de decembro de 2017 e decembro de 2018 para que se realicen no segundo xoves do mes en vez do derradeiro xoves como se viña facendo ata o de agora, ademáis a proposta da Alcaldía contempla

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

tamén a supresión da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que foi creada ao inicio do mandato municipal no pleno de organización realizado en data 6 de xullo de 2015.

A mencionada proposta xa fora falada cos Grupos Municipais da oposición na derradeira Xunta de voceiros.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para dicir que o seu Grupo está de acordo nas medidas contempladas na Proposta da Alcaldía.

Polo voceiro do Grupo Mixto – Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que non tén nada que engadir ao xa manifestado polo Sr. Alcalde-Presidente e polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros /a asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Modificar a data de realización dos plenos ordinarios correspondentes aos meses de decembro de 2017 e 2018 para o segundo xoves de mes ás dez horas.

2º. Suprimir a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que foi creada por Acordo Plenario de data 6 de xullo de 2015 .

3º. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7/2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 7/2017 por importe de 13.520 ,00€ no que se suplementan e xeneran créditos en determinadas partidas con cargo a transferencias doutras partidas do orzamento municipal do exercicio 2017.

Dí o Sr. Alcalde- Presidente que na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, xa se deu conta das cantidades e partidas que van ser obxecto de modificación con este expediente, que en xeral van destinadas á dotar partidas orzamentarias que están esgotadas a estas alturas do ano

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, solicítaselle ao Alcalde-Presidente que dé explicación ao destino dos créditos contidos no apartado 1º do Expediente de referencia, respostando o Sr. Alcalde-Presidente que estes créditos van destinados a horas extraordinarias do persoal

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

laboral, arranxo do cableado da iluminación pública, así como incremento na dotación do Servizo de Axuda a Domicilio - Dependencia.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que non tén nada que engadir ao xa manifestado no debate deste asunto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 7/2017 por importe de 13.520,00€ que contempla suplementos de crédito e xeración de crédito con cargo a transferencias doutras partidas do orzamento municipal do exercicio 2017, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIG. INICIAL	SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS.	TOTAL CONSIG. RESULTANTE
I Gastos de persoal	373.697,82€		+2.420,00€	376.117,82€
II Gastos en bens correntes	711.428,11€		+11.100,00€	722.528,11€
III Gastos Financeiros	0,00€			0,00€
IV Transf. Correntes	26.500,00€			26.500,00€
VI Investimentos Reais	525.844,24€		-13.520,00€	512.324,24€

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>
Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

VII				
Transf. Capital	0,00€			0,00€
VIII				
Activos Financeiros	0,00€			0,00€
IX				
Pasivos Financeiros	0,00€			0,00€
TOTAL	1.637.470,17€	0,00€	0,00€	1.637.470,17€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

4. ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do orzamento municipal para o exercicio 2018 que ascende tanto en ingresos coma en gastos á cantidade de 1.360.000 euros. Dí o Sr. Alcalde que o orzamento xa foi presentado fai días no Consello de Participación Veciñal no que se se deron conta de todas as partidas de ingresos e gastos e que se remite ao xa dito tamén na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo para manifestar que non poden votar a favor destes orzamentos, xa que son os mesmos que os doutros anos e non hai ningunha partida que se destine a deter o descenso de poboación continuo que está a sufrir o Concello da Capela, dí que a xente nova vaise e se o Concello non é capaz de reter e fixar poboación mal asunto, reitera o seu voto negativo ao orzamento municipal para o exercicio 2018.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, pídeselle ao Sr. Alcalde-Presidente que aclare o destino dalgúns capítulos de gastos e áreas de gasto, neste senso pregunta sobre as transferencias que están previstas no capítulo IV de Gastos, respostándolle o Sr. Alcalde que se trata das subvencións que antes solicitaba o Concello e agora están englobadas na partida de gastos xerais do Plan Único; así mesmo fai referencia á área 1 de Gasto “Vivenda e urbanismo”, na que aparece un total de 109.615,56 €, respóstalle o Sr. Alcalde – Presidente que se trata da cantidade global da política 15 de gasto, pregunta ademáis o voceiro do Grupo Mixto – PP, sobre o Gasto da área 4 no concepto de turismo por importe de 35.000€ que engloba, respostándolle o Sr. Alcalde – Presidente que nesa área consignase crédito para o Albergue, Portal das Fragas do Eume, e Atención a visitantes de Caaveiro, por último fai referencia á partida 334 de Promoción Cultural que téñ un importe de 56.000€, respostándolle o Sr. Alcalde-Presidente que aí consígnase crédito para as actividades culturais do Convenio do Mosteiro de Caaveiro por importe de 42.000€ e outras actividades culturais.

Considera o voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, que o orzamento é un documento moi denso e difícil de ler polo que sería bó que en anos sucesivos os Grupos Municipais da oposición puideran dispor dun estrato ou resumo do mesmo, que fixera máis áxil e comprensible a lectura do documento orzamentario.

Dí D. Santiago Meizoso Permuy, que os Presupostos son máis do mesmo que outros anos, que son uns orzamentos de contención e que non se contemplan previsións de futuro como a baixa demográfica, xa que cedo ou tarde non vai a quedar poboación para usar as infraestruturas das que dispón o Concello.

Dí ademáis que na área 9 de gasto hai un incremento do 54% con respecto ao ano anterior e así mesmo cita a xestión do lixo, na que os gastos seguen incrementándose ano tras ano, reitera que hai unha falla de previsión e planificación por parte do equipo de goberno considerando que os orzamentos non son de futuro.

Con respecto aos ingresos seguénse mantendo estancados os impostos municipais mentres que hai exencións ou bonificacións que só no apartado de vehículos ascenden a 30.000€ .

Remata a súa intervención sinalando que outro ano máis se mantén a escola de música cando o Secretario- interventor no seu informe ano tras ano, vén manifestando que se deben prestar só os servizos básicos que por lei se lle atribúen ao Concello.

Remata a súa intervención reiterando que estes orzamentos son máis do mesmo e non van resolver nada.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstate a intervención dos voceiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto – PP no sentido de que o Concello pouco pode facer polo tema demográfico, xa que, é un asunto que está afectar con carácter xeral a Galicia, a España e incluso a Europa, dí con respecto ao estancamento dos impostos que o equipo de goberno non é partidario nestes anos de crise económica proceder á modificación e incremento dos mesmos. Con respecto á Escola de Música manifesta que ao Concello só lle costa o subministro de enerxía eléctrica e a limpeza do local, xa que o que se recada por matrícula é o que se lle paga á empresa que presta a docencia, dí ademáis que con respecto ao incremento na área de gasto 9 nun 54% sinalada polo voceiro do Grupo Mixto – PP, débese a que o ano pasado non se incluíron no orzamento as obras do Plan Único da Deputación Provincial que foron aprobadas máis tarde.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente sulñando que o orzamento municipal para o ano 2018 é real adaptado ás necesidades que ten que cubrir o Concello e sobre todo a regra de gasto que obriga aos Concellos á contención no gasto público mentres que as Comunidades Autónomas e o Goberno Central fan o que queren.

Remata o debate coa intervención do voceiro do Grupo de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para reiterar que o Concello está obrigado a buscar solucións para que a xente se quede na Capela.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do PS de G PSOE e 2 votos en Contra dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto – PP), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018, que ascende á cantidade de 1.362.896,61€.

2º. Aprobar o orzamento para o exercicio 2018 que comprende os seguintes:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es

	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	339.977,50€
2	Gastos corr. Bens e servizos	775.474,74€
4	Transferencias correntes	26.800,00€
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.974,11€
6	Inversións reais	212.773,65€
	Total Orzamento de Gastos	1.360.000,00€

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	1. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	252.150,00€
2	Impostos indirectos	5.000,00€
4	Taxas, prezos públicos e outros	189.800,75€
5	Transferencias correntes	711.187,27€
6	Ingresos Patrimoniais	50,00€
7	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
	Transferencias de capital	201.811,98€
	2. OPERACIÓNS FINANCIERAS	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>.
Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.esWeb: www.concellodacapela.es

8	Activos Financieros	0€
	Total Orzamento de ingresos	1.360.000,00€

3º. Aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.

4º. Expoñer ao público no BOP, por un prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no artigo 169.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

5º Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do RDL 781/1986 do 18 de abril e artigo 169.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

6º. Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento aos organismos competentes da administración do estado e autonómica.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove horas trinta minutos de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,**O Secretario,****Manuel Meizoso López****José Antonio Meizoso Paz**